

Pilar García Porto presenta o informe do Consello de Contas que cuestiona claramente a política de persoal do Concello de Antas

A socialista subliña que “o que queremos é total claridade”, pois tal e como indica o último documento publicado por este organismo: *“os procedementos descritos vulneran a observancia dos principios de igualdade, capacidade, mérito e transparencia, que deben rexer na contratación de empregados públicos, pois obedecen a decisións da Alcaldía, sen constar na documentación achegada que se valorasen os méritos de cada candidato ou se motivase a elección doutro xeito*

Agarda que o Rexedor lles facilite a documentación solicitada no día de onte, xa que o Alcalde recoñeceu no Pleno que “estaba afectado directamente por unha delas. Nós o que transmitimos son as súas manifestacións, por iso queremos saber en que calidade lle afecta ou a que persoas beneficia. A nós non nos vai calar con ameazas. Cremos que o noso labor como oposición é controlar a acción de goberno”

Por este motivo, pregúntase “que pensa a cúpula do PP” sobre este asunto, tendo en conta os antecedentes acontecidos na Deputación de Ourense e, hai unhas horas, na Consellería de Sanidade

LUGO, 31 DE XANEIRO.- A voceira do grupo municipal socialista do Concello de Antas de Ulla e secretaria de Economía da executiva provincial –Pilar García Porto- presentou este venres o informe do Consello de Contas de 2010 (o último publicado por este organismo) que cuestiona claramente a política de persoal da entidade local.

Concretamente, o documento que se pode atopar no seguinte enlace(http://www.ccontasgalicia.es/files/informes/2010/162_D_Informe_Fiscalizacion_Antas%20de%20Ulla_2010_G.pdf), di o seguinte “(...) *os procedementos descritos vulneran a observancia dos principios de igualdade, capacidade, mérito e transparencia, que deben rexer na contratación de empregados públicos, pois obedecen a decisións da Alcaldía, sen constar na documentación achegada que se valorasen os méritos de cada candidato ou se motivase a elección doutro xeito, dado que non existen uns criterios de valoración públicos, nin se constitúe un tribunal formado por mais dunha persoa para a valoración dos mesmos ou outros procedementos similares. Só se garante unha mínima concorrència nos casos en que se efectúa a oferta de emprego a través da oficina do servizo de colocación, pero, aínda nestes casos, a decisión sobre os candidatos remitidos adoece dos mesmos vicios que nas contratacións directas. Así mesmo, aprecíase a existencia de varios reparos da Secretaría-Intervención nos que se advirte destas circunstancias, sen que fosen tidos en conta pola autoridade encargada de tomar as decisións (...)*”.

“Queremos total claridade”

Por este motivo, Pilar García Porto reiterou que “nós o que queremos é total claridade. A nós non nos vai calar con ameazas. O que buscamos é absoluta transparencia” porque, “repito, o Alcalde non só decidiu aprazar o Pleno ata este mes, senón que o fixo coincidir, en data e hora, co da Deputación, co cal eu tiven serias dificultades para poder estar nos dous sitios ó mesmo tempo, e atopámonos con que entraban tres máis que a que ía na orde do día. Por este motivo, queremos saber que aconteceu o venres dende que recibimos a orde do día ata o martes para modificala deste xeito. A que se debe esta urxencia e por que estas prazas en concreto, xa que hai máis persoal no Concello que podería funcionarizar”, subliñou.

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

“O Alcalde recoñeceu en Pleno que estaba afectado directamente por unha das prazas”

Por este motivo, e en aras de acadar a máxima transparencia, os socialistas no día de onte, amparados no artigo 14 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e no Exercicio do Dereito Fundamental, recollido no artigo 13 da Constitución, no que se recoñece o dereito fundamental dos cidadáns a participar nos asuntos públicos directamente ou por medio de representantes libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal, presentaron, no rexistro do Concello, un escrito dirixido ó Alcalde, solicitándolle a seguinte documentación: copia do cadro de persoal correspondente ó ano 2013, onde se describan como mínimo o tipo de persoal e o posto de traballo e, de ser posible, os nomes e apelidos dos traballadores; un cadro explicativo de cales son os postos de orixe e o tipo de persoal co que corresponden das catro prazas aprobadas; e, finalmente, copia da documentación relativa ós expedientes referidos.

“Agardamos que o Sr. Varela non teña ningún problema para entregarnos esta documentación”, afirmou, ó tempo que se preguntou: “que pensa a cúpula do PP deste procedemento, que é o mesmo que na Deputación de Ourense ou na Consellería de Sanidade. O Alcalde recoñeceu no Pleno que estaba afectado directamente por unha das prazas. Nós o que transmitimos son as súas manifestacións, por iso queremos saber en que calidade lle afecta ou a que persoas beneficia. Cremos que o noso labor como oposición é controlar a acción de gobernos”.

Deste xeito, mantén que estudarán cada praza de xeito individualizada para conseguir “a máxima transparencia sobre este grave asunto”.